

XIV CURSO DE MICOLOXÍA

Máis de cen persoas de Culleredo asistirán ao **XIV CURSO DE MICOLOXÍA** organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo os días **5 - 6 - 7 - 8 de novembro** na Aula da Natureza do Xardín Botánico “*Ría do Burgo*”.

A Concellería de Cultura leva xa catorce anos organizando o devandito Curso de Micología, sendo un dos máis antigos da Comarca Coruñesa, impartido polo coñecido biólogo e experto micólogo Carlos Pastoriza Avilés, tendo como obxectivo contribuir, como sen dúbida ten conseguido, popularizar o coñecemento, a recolleita e o consumo de cogomelos, sen risco e con fiabilidade, evitando accidente que desgraciadamente e producen por descoñecemento.

As xornadas impartidas na Aula da Natureza do Xardín Botánico de O Burgo, terán o seguinte programa:

Mércores 5 – Os cogomelos: como recoñecelos e onde buscalos.
Identificación de Cogomelos I.

Xoves 6 – Identificación de Cogomelos II.
Os cogomelos na alimentación.

Venres 7 – Identificación de Cogomelos III.

Sábado 8 – Remata o curso cunha excursión recolleita de setas a Torre Lavandeira (Curtis).

O curso celébrase tódolos días ás 20 horas, e no mesmo farase unha exposición de setas recollidas pola organización e os propios alumnos.

Culleredo, 4 de novembro de 2008.
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.